

ECONOMÍA. MERCADO LABORAL

ACTIVIDADE 2. OS CAMBIOS DO MERCADO LABORAL NO ÚLTIMO SÉCULO

Obxectivos:

- ◆ Analizar os cambios da poboación galega en relación coa actividade económica no último século.
- ◆ Estudar a incorporación da muller ao mercado laboral.
- ◆ Coñecer os cambios da poboación ocupada segundo o sector onde desenvolve a súa actividade económica.
- ◆ Analizar o diferente comportamento do mercado laboral nas catro provincias galegas.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.

Cuestiós a resolver:

- 1) Na seguinte táboa móstrase a clasificación da poboación galega en relación coa actividade económica para os anos 1910, 1981, 1991, 2001 e 2018:

	1910	1981	1991	2001	2018
Total	1.463.988	2.109.385	2.178.041	2.334.674	2.334.000
Activos	908.633	1.039.812	1.070.990	1.183.150	1.243.500
Poboación ocupada	907.296	944.337	895.862	1.035.178	1.077.600
Poboación parada	1.337	95.475	175.128	147.972	165.900
Inactivos	551.144	1.049.964	1.095.732	1.151.524	1.090.500
Non consta e poboación contada a parte	4.211	19.609	11.319		

Nota: Na categoría "Total" inclúese a poboación de 12 ou más anos para 1991 e a poboación de 16 ou más anos para o período 1981-2018 .

A partir destes datos completa a seguinte táboa coas correspondentes taxas de actividade, ocupación e paro:

	1910	1981	1991	2001	2018
Taxa de actividade	%	%	%	%	%
Taxa de ocupación	%	%	%	%	%
Taxa de paro	%	%	%	%	%

- 2) Comenta brevemente como evolucionaron as taxas de actividade, ocupación e paro no último século:

Taxa de actividade:

.....

.....

Taxa de ocupación:

.....

.....

Taxa de paro:

.....

.....


- 3) Nas seguintes táboas podes consultar a poboación en idade laboral e a poboación ocupada segundo o sexo e a provincia para o ano 1910.

	Homes			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	193.109	153.166	137.759	136.176
Ocupados	178.355	144.993	121.750	125.541

	Mulleres			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	279.499	185.689	166.591	211.999
Ocupadas	68.251	88.391	40.158	139.857

A partir destas táboas tes que completar a seguinte gráfica de barras:

Taxas de ocupación. Ano 1910




¿A crees que se debe que Pontevedra presente unha taxa de ocupación feminina maior que o resto de provincias nese ano?.....

.....

.....

.....

- 4) Na seguinte gráfica móstranse os mesmos resultados pero para o ano 2018:



¿Como cambiou a taxa de ocupación masculina nestes 108 anos?

.....




.....

¿En que sector cres que traballaban maioritariamente?

- 5) A continuación facilitase a poboación ocupada en Galicia segundo os sectores de actividade para os anos 1910 e 1981 e 2018

	1910	1981	2018
Total	907.296	944.337	1.077.600
Agricultura e pesca	674.108	349.030	68.000
Industria	36.807	164.519	169.000
Construcción	25.130	94.615	67.300
Servizos	71.106	320.734	773.700
Non clasificados	100.145	15.439	0

Completa as seguintes gráficas coa distribución da poboación ocupada segundo o sector de actividade:



- 6) Nas seguintes táboas pódese consultar e a distribución da poboación inactiva en Galicia segundo o sexo e a clase de inactividade para os anos 1910 e 2018.

		1910	
		Homes	Mulleres
Total		44.482	506.662
Rentistas		17.203	6.197
Retirados, pensionistas		1.817	935
Labores do fogar		0	482.021
Estudantes		21.511	12.688
Outros		3.951	4.821

		2018	
		Homes	Mulleres
Total		474.100	616.400
Retirados, pensionistas		309.300	320.800
Labores do fogar		28.800	172.800
Estudantes		76.100	75.600
Outros		60.000	47.200

Calcula a distribución porcentual da poboación inactiva segundo o sexo para os anos 1910 e 2018:

	1910	2018
Total	100%	100%
Homes	%	%
Mulleres	%	%

7) No ano 1910:

- a. ¿Cal era a situación de inactividade más habitual entre as mulleres?

.....

- b. ¿Que porcentaxe representaba sobre o total de mulleres inactivas?%

- c. ¿Cal era a situación de inactividade más habitual entre os homes?

.....

8) No ano 2018:

- a. ¿Cal é a situación de inactividade más habitual entre as mulleres?

.....

- b. ¿Que porcentaxe representa sobre o total de mulleres inactivas?%

- c. ¿Cal é a situación de inactividade más habitual entre os homes?

.....

- d. ¿Que porcentaxe representa sobre o total de homes inactivos?%